
Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior

CSPEA01

Economía da empresa

Economía da empresa

1. Formato da proba

Formato

- A proba consta de vinte cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,10 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.



2. Exercicio

1. Síñale a resposta correcta en relación aos sistemas económicos:

Señale la respuesta correcta en relación a los sistemas económicos:

- A** Nun sistema de economía mixta non se producen fallos de mercado.
En un sistema de economía mixta no se producen fallos de mercado.
- B** Nun sistema de planificación central existe moita competencia nos mercados.
En un sistema de planificación central existe mucha competencia en los mercados.
- C** Nun sistema de economía mixta o sector público intervén para corrixir os fallos do mercado.
En un sistema de economía mixta el sector público interviene para corregir los fallos del mercado.

2. Síñale a resposta correcta en relación ao produto interior bruto nominal (PIB nominal):

Señale la respuesta correcta en relación al producto interior bruto nominal (PIB nominal):

- A** Valora os bens e servizos finais a prezos constantes dun ano base.
Valora los bienes y servicios finales a precios constantes de un año base.
- B** Valora os bens e servizos finais a prezos correntes de cada ano.
Valora los bienes y servicios finales a precios corrientes de cada año.
- C** Valora a renda xerada polos residentes no estranxeiro a prezos correntes.
Valora la renta generada por los residentes en el extranjero a precios corrientes.

3. Cal das seguintes respostas menciona criterios válidos para clasificar as empresas segundo o seu tamaño?

¿Cuál de las siguientes respuestas menciona criterios válidos para clasificar las empresas según su tamaño?

- A** O volume de vendas e o número de traballadores.
El volumen de ventas y el número de trabajadores.
- B** O número de provedores e de clientes.
El número de proveedores y de clientes.
- C** O tamaño da superficie das súas instalacións.
El tamaño de la superficie de sus instalaciones.

4. Como se clasifican as empresas segundo o criterio da forma xurídica?

¿Cómo se clasifican las empresas según el criterio de la forma jurídica?

- A** Empresas públicas e privadas.
Empresas públicas y privadas.
- B** Empresas individuais e sociedades.
Empresas individuales y sociedades.
- C** Empresas ordinarias e empresas xurídicas.
Empresas ordinarias y empresas jurídicas.



5. Como se denomina a estratexia de diversificación dirixida ao mercado de produtos complementarios ou substitutivos dos xa producidos pola empresa?

¿Cómo se denomina la estrategia de diversificación dirigida al mercado de productos complementarios o sustitutivos de los ya producidos por la empresa?

- A** Diversificación horizontal.
Diversificación horizontal.
- B** Diversificación vertical.
Diversificación vertical.
- C** Diversificación heteroxénea.
Diversificación heterogénea.

6. Cal das seguintes características fai referencia ás Peme (pequenas e medianas empresas) en contraposición ás multinacionais?

¿Cuál de las siguientes características hace referencia a las Pyme (pequeñas y medianas empresas) en contraposición a las multinacionales?

- A** Son idóneas para o aproveitamento dos denominados mercados intersticiais.
Son idóneas para el aprovechamiento de los denominados mercados intersticiales.
- B** Teñen maior capacidade de adaptación aos avances tecnolóxicos.
Tienen mayor capacidad de adaptación a los avances tecnológicos.
- C** Teñen menos dificultades para acceder a fontes de financiamento.
Tienen menos dificultades para acceder a fuentes de financiación.

7. Sinale a resposta correcta en relación ao organigrama:

Señale la respuesta correcta en relación al organigrama:

- A** Representa a organización formal e informal que se produce na organización.
Representa la organización formal e informal que se produce en la organización.
- B** Representa as relacións xerárquicas entre os integrantes da organización.
Representa las relaciones jerárquicas entre los integrantes de la organización.
- C** Representa o grao de ampliación dos postos de traballo.
Representa el grado de ampliación de los puestos de trabajo.

8. Sinale a resposta correcta en relación aos custos variables:

Señale la respuesta correcta en relación a los costes variables:

- A** Son iguais a cero se a empresa non produce ningunha cantidade.
Son iguales a cero si la empresa no produce ninguna cantidad.
- B** Son sempre constantes independentemente da cantidade producida.
Son siempre constantes independientemente de la cantidad producida.
- C** Sempre diminúen ao se incrementar a cantidade producida.
Siempre disminuyen al incrementarse la cantidad producida.



9. Unha empresa fabricou 4.000 unidades de produto empregando 1.000 horas de factor traballo durante o ano 2021, mentres que no ano 2022 alcanzou unha produción de 5.000 unidades de produto empregando 1.200 horas de factor traballo. Cal é a opción correcta?

Una empresa fabricó 4.000 unidades de producto empleando 1.000 horas de factor trabajo durante el año 2021, mientras que en el año 2022 alcanzó una producción de 5.000 unidades de producto empleando 1.200 horas de factor trabajo. ¿Cuál es la opción correcta?

- A** A produtividade do factor traballo no ano 2022 non variou con respecto ao ano 2021.
La productividad del factor trabajo en el año 2022 no varió con respecto al año 2021.
- B** A produtividade do factor traballo no ano 2022 aumentou con respecto ao ano 2021.
La productividad del factor trabajo en el año 2022 aumentó con respecto al año 2021.
- C** A produtividade do factor traballo no ano 2022 diminuíu con respecto ao ano 2021.
La productividad del factor trabajo en el año 2022 disminuyó con respecto al año 2021.

10. Unha empresa comercial ten unha demanda anual constante de 720 unidades de produto. Se o custo de realizar un pedido é de 62,5 euros e o custo anual de ter unha unidade almacenada é de 100 euros. Cal será o volume óptimo de pedido segundo o modelo de Wilson?

Una empresa comercial tiene una demanda anual constante de 720 unidades de producto. Si el coste de realizar un pedido es de 62,5 euros y el coste anual de tener una unidad almacenada es de 100 euros. ¿Cuál será el volumen óptimo de pedido según el modelo de Wilson?

- A** 30 unidades de produto.
30 unidades de producto.
- B** 30 euros/ano.
30 euros/año.
- C** 10 unidades de produto.
10 unidades de producto.

11. Unha empresa fabrica un produto cun custo variable unitario de 10 euros e un custo fixo de 10.000 euros. Sabendo que a empresa produce e vende 2.000 unidades a un prezo de 20 euros/unidade, cal das seguintes afirmacións é a correcta?

Una empresa fabrica un producto con un coste variable unitario de 10 euros y un coste fijo de 10.000 euros. Sabiendo que la empresa produce y vende 2.000 unidades a un precio de 20 euros/unidad, ¿cuál de las siguientes afirmaciones es la correcta?

- A** O beneficio da empresa será nulo, ao seren os ingresos iguais aos custos.
El beneficio de la empresa será nulo, al ser los ingresos iguales a los costes.
- B** A empresa obterá perdas, ao seren os ingresos menores que os custos.
La empresa obtendrá pérdidas, al ser los ingresos menores que los costes.
- C** A empresa obterá beneficios, ao seren os ingresos superiores aos custos.
La empresa obtendrá beneficios, al ser los ingresos superiores a los costes.



- 12.** Como se denomina a política de comunicación que fai referencia ao conxunto de actividades comerciais que realiza a empresa co obxectivo de incrementar as vendas durante un curto período de tempo?

¿Cómo se denomina la política de comunicación que hace referencia al conjunto de actividades comerciales que realiza la empresa con el objetivo de incrementar las ventas durante un corto período de tiempo?

- A** Publicidade.
Publicidad.
- B** Promoción de vendas.
Promoción de ventas.
- C** Forza de vendas.
Fuerza de ventas.

- 13.** Como se clasifican, no balance de situación, os elementos e masas patrimoniais de activo?

¿Cómo se clasifican, en el balance de situación, los elementos y masas patrimoniales de activo?

- A** De menor a maior esixibilidade.
De menor a mayor exigibilidad.
- B** De menor a maior liquidez.
De menor a mayor liquidez.
- C** De maior a menor esixibilidade.
De mayor a menor exigibilidad.

- 14.** Cal é o termo que define a relación dos beneficios, antes de xuros e impostos, co activo?

¿Cuál es el término que define la relación de los beneficios, antes de intereses e impuestos, con el activo?

- A** Rendibilidade económica.
Rentabilidad económica.
- B** Fondo de manobra.
Fondo de maniobra.
- C** Limiar de rendibilidade.
Umbral de rentabilidad.

- 15.** Cal das seguintes afirmacións supón unha vantaxe do modelo de estrutura organizativa lineal ou xerárquica?

¿Cuál de las siguientes afirmaciones supone una ventaja del modelo de estructura organizativa lineal o jerárquica?

- A** É a especialidade a que promove as decisións da empresa.
Es la especialidad la que promueve las decisiones de la empresa.
- B** É unha forma de organización flexible que se adapta ao tipo de proxecto.
Es una forma de organización flexible que se adapta al tipo de proyecto.
- C** A autoridade e as áreas de responsabilidade están ben definidas.
La autoridad y las áreas de responsabilidad están bien definidas.



16. Síñale a resposta correcta respecto ás características que definen unha relación laboral:

Señale la respuesta correcta respecto a las características que definen una relación laboral:

- A** Persoal, voluntaria, retribuída, por conta allea e subordinada.
Personal, voluntaria, retribuida, por cuenta ajena y subordinada.
- B** Persoal, retribuída, por conta propia e voluntaria.
Personal, retribuida, por cuenta propia y voluntaria.
- C** Persoal, retribuída, por conta propia e por conta allea.
Personal, retribuida, por cuenta propia y por cuenta ajena.

17. Síñale a resposta correcta en relación á clasificación das provisións como fonte de financiamento:

Señale la respuesta correcta en relación a la clasificación de las provisiones como fuente de financiación:

- A** Autofinanciamento de enriquecemento.
Autofinanciación de enriquecimiento.
- B** Autofinanciamento de mantemento.
Autofinanciación de mantenimiento.
- C** Financiamento externo a curto prazo.
Financiación externa a corto plazo.

18. Que é o prazo de recuperación ou pay-back?

¿Qué es el plazo de recuperación o pay-back?

- A** O período de tempo necesario para recuperar o investimento realizado no ciclo de explotación.
El período de tiempo necesario para recuperar la inversión realizada en el ciclo de explotación.
- B** O período de tempo necesario para recuperar o investimento realizado no ciclo de depreciación.
El período de tiempo necesario para recuperar la inversión realizada en el ciclo de depreciación.
- C** O período de tempo necesario para recuperar o desembolso inicial dun investimento.
El período de tiempo necesario para recuperar el desembolso inicial de una inversión.

19. Cando unha forma de producir é máis eficiente tecnicamente que outra?

¿Cuándo una forma de producir es más eficiente técnicamente que otra?

- A** Se produce a mesma cantidade de produto utilizando menos factores de produción.
Si produce la misma cantidad de producto utilizando menos factores de producción.
- B** Se produce a mesma cantidade de produto utilizando máis factores de produción.
Si produce la misma cantidad de producto utilizando más factores de producción.
- C** Se produce a mesma cantidade de produto utilizando os mesmos factores de produción.
Si produce la misma cantidad de producto utilizando los mismos factores de producción.



- 20.** Unha empresa pretende levar a cabo un proxecto de investimento cunha duración de dous anos. O proxecto ten un desembolso inicial de 8.000 euros; os seus fluxos netos de caixa son 2.000 euros o primeiro ano e 6.000 euros o segundo ano. Se a taxa de desconto é do 2 % e decide utilizar o criterio do valor actual neto (VAN), aconsellaríalle a esta empresa desenvolver este proxecto de investimento?

Una empresa pretende llevar a cabo un proyecto de inversión con una duración de dos años. El proyecto tiene un desembolso inicial de 8.000 euros; sus flujos netos de caja son 2.000 euros el primer año y 6.000 euros el segundo año. Si la tasa de descuento es del 2 % y decide utilizar el criterio del valor actual neto (VAN), ¿le aconsejaría a esta empresa desarrollar este proyecto de inversión?

- A** Non, porque o seu VAN sería negativo.
No, porque su VAN sería negativo.
- B** Si, porque o seu VAN sería positivo.
Sí, porque su VAN sería positivo.
- C** Sería indiferente, porque o seu VAN sería igual a cero.
Sería indiferente, porque su VAN sería igual a cero.



3. Solución para as preguntas tipo test

Nº	A	B	C	
1			X	
2		X		
3	X			
4		X		
5	X			
6	X			
7		X		
8	X			
9		X		
10	X			
11			X	
12		X		
13		X		
14	X			
15			X	
16	X			
17		X		
18			X	
19	X			
20	X			

N.º de respostas correctas (C)

N.º de respostas incorrectas (Z)

Puntuación do test= $C \times 0,5 - Z \times 0,10$

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,10 puntos.
As respostas en branco non descontarán puntuación.**